



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

R.P. 2023 / 24222.- Aprobación das bases da XXXIII Bandeira de Traíñas Deputación da Coruña

Por resolución do Presidente en funcións da Deputación 2023/ 24222, do 16 de xuño de 2023, aprobáronse as Bases reguladoras da **XXXIII Bandeira de Traíñas Deputación da Coruña**, co seguinte texto:

XXXIII Bandeira de Traíñas Deputación da Coruña

A Deputación Provincial da Coruña convoca a **XXXIII Bandeira de Traíñas Deputación da Coruña** que se desenvolverá segundo as seguintes

BASES DA CONVOCATORIA

1. PARTICIPANTES.

Poderán participar na **XXXIII Bandeira de Traíñas Deputación da Coruña** os clubs da provincia que participaron na Liga ACT, na Liga Galega de Traíñas A e B, e no Campionato Galego de Traíñas no ano 2022, que son os seguintes clubs:

Club de Remo de Narón

C. Mar de Mugardos-

Club de Remo Ares

Club de regatas Perillo

Club de Remo de Muros

Club de Remo Puebla

Club Remo Rianxo

Club de Remo Cabo de Cruz

Club Remo Nautico Riveira

Club Remo A Cabana Ferrol

2. CALENDARIO DE CELEBRACIÓN.

A **XXXIII Bandeira de Traíñas Deputación da Coruña** celebrarase o 15 de agosto de 2023, no Concello de Boiro, que se determinará por Resolución da Presidencia, en horario de mañán, aproximado as 12:00 horas, ou de tarde.

3.- INSCRIPCION E COMPROMISO DE PARTICIPACIÓN.

O prazo de inscrición dos equipos participantes para tomar parte na **XXXIII Bandeira de Traíñas Deputación da Coruña** determinarase no anuncio do extracto desta convocatoria que se publicará no BOP, por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións, e remata o día 31 de xullo de 2023 ás 21:00 horas.

As inscricións realizaránse na Federación Gallega de Remo, que verificará o cumprimento por parte dos equipos dos requisitos establecidos nestas bases para a súa participación.

Os equipos participantes enviarán á Federación Galega de Remo o compromiso de participación na **XXXIII Bandeira de Traíñas Deputación da Coruña**.

Os equipos participantes deberán documentar perante a Federación Galega de Remo ter en propiedade unha traíña e manter dentro da estrutura do club a tripulación correspondente.

Cada deportista debe estar en posesión da licencia federativa en vigor, Non estarán autorizadas a participar tripulacións con licenzas federativas pertencentes a clubs distintos aos participantes.

A substitución, baixa, ou alta dalgunha das entidades participantes deberase comunicar á Deputación con antelación suficiente á realización da proba para autorizar calquera cambio.

Todos os participantes na **XXXIII Bandeira de Traíñas Deputación da Coruña**, polo mero feito de realizar a inscrición aceptan as presentes Bases e, no caso de dúbida, sempre prevalecerá o criterio da Organización.

4. DESENVOLVEMENTO E NORMATIVA DAS COMPETICIÓNS.

4.1.- Composición das quendas.

Faranse dúas quendas de acordo coa clasificación xeral da Liga Galega de Traíñas A e B e o/os participante/s na Liga ACT. ou no Campionato Galego de Traíñas.

4.2.- Reunión de delegados.

Terá lugar na Sede Social do Concello onde se celebre a **XXXIII Bandeira de Traíñas Deputación da Coruña** aproximadamente ás 11:00 horas, para o obxecto de confeccionar as quendas.

4.3.- Campo de regata.

Constará dun recorrido de total de 5.556 m (3 millas mariñas), distribuído en 4 ou 6 largos, para o obxecto de adaptar o Campo de regata ás características do emprazamento para unha maior visibilidade da proba.

4.4.- Balizaxe do Campo de regata.

O club da localidade é o encargado da montaxe do Campo de regata, polo que é necesario dispor dos medios necesarios para poder levar a cabo a devandita balizaxe.

4.5.- Regulamento.

Aplicarase o Regulamento de banco fixo do Cantábrico en bateles, trainerillas e traineras da Federacion Española de Remo (en vigor desde xaneiro do 2016).

4.6.- Responsabilidade civil.

Garantirase o cumprimento do establecido no Real Decreto 62/2008 de 25 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento das condicións de seguridade marítima, da navegación e da vida humana no mar aplicables ás concentracións náuticas de carácter conmemorativo e probas náutico-deportivas.

Seguridade dos deportistas.

Un servizo sanitario e de salvamento debe estar preparado para intervir en terra e na auga durante toda a duración da regata e exercerá su actividade en estreita colaboración co Presidente do xurado/ Coordinador de seguridade. Así mesmo, as embarcacións de salvamento se desprazarán segundo as instrucións deste.

5.- PREMIOS.

A Deputación destina un total de 13.700,00 € para o pago de premios aos participantes na **XXXIII Bandeira de Traíñas Deputación da Coruña** que se repartirán da seguinte maneira en función da clasificación obtida:

CLASIFICACIÓN	IMPORTE
Primeiro	2,500.00 €
Segundo	2,000.00 €
Terceiro	1,800.00 €
Cuarto	1,500.00 €
Quinto	1,300.00 €
Sexto	1,200.00 €
Sétimo	1,000.00 €
Oitavo	900.00 €
Noveno	800.00 €
Décimo	700.00 €

Os premios concedidos se publicarán unha vez aboados na Base Nacional de Subvencións.

6.- PAGOS.

A Deputación aboará os premios reseñados na base 5 directamente aos clubs participantes, en función da clasificación obtida e á vista da certificación expedida pola Federación Galega de Remo na que se acrediten os resultados da proba.

Coa finalidade de percibir os premios, que se aboarán mediante transferencia bancaria, os clubs participantes deberán entregar á entidade que resulte adxudicataria do contrato da organización e coordinación da **XXXIII Bandeira de Traíñas Deputación da Coruña** a seguinte documentación:

- * Autorización para que a Deputación poda obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Tesorería da Seguridade Social e da Deputación Provincial da Coruña, nas que se acredite que está ao corrente nas súas obrigas.
- * Designación da conta bancaria na que se efectuarán os abonos, conforme ao modelo normalizado que figura na páxina web www.dacoruna.gal (só no caso de non tela presentado na Deputación, ou ter sufrido variación).
- * Fotocopia do CIF do club. (só no caso de non tela presentado na Deputación, ou ter sufrido variación).
- * Autorización á entidade adxudicataria do contrato de coordinación e realización para presentar na Deputación Provincial a documentación requirida para o aboamento do premio.
- * Enderezo de correo electrónico de notificación.

A Coruña, 16 de xuño de 2023.

O presidente en funcións,

Xosé Regueira Varela

O secretario accidental,

Miguel Iglesias Martínez

2023/4881